



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Marzo 2021**


Santiago de Compostela, 7 de maio de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en marzo de 2021 un ascenso do 14,5% con respecto a marzo de 2020, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento do 15,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 15,8%, os bens de equipo creceron un 25,7% e os bens intermedios avanzaron un 22,5%. Pola súa parte a enerxía decreceu un 4,2%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que achega 5,1 puntos, a “industria da madeira e da cortiza”, que engade 1,8 puntos e a “confección de roupa de vestir” que suma 1,6 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “industria do papel” que resta 0,6 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 0,3 puntos a taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2021



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de marzo de 2021 rexistrou en Galicia un ascenso do 14,5% en taxa interanual, mellorando en 10,8 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (3,7%). En España, rexistrouse un aumento do 15,1%, mellorando en 18,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (-3,4%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 15,8%, o que engade 4,1 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 25,7%, o que achega 5,7 puntos.
- Os **bens intermedios** suben un 22,5%, cunha repercusión positiva de 5,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 4,2% restando 1,1 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2021, por destino económico, os bens de consumo melloran 13,4 puntos, os bens de equipo melloran 30,7 puntos, os bens intermedios melloran 27,6 puntos e a enerxía empeora 30,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de marzo foron: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 5,1 puntos, a “industria da madeira e da cortiza”, que engade 1,8 puntos e a “confección de roupa de vestir” que suma 1,6 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “industria do papel” que resta 0,6 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 0,3 puntos a taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de marzo moveuse entre o -1,1% de Baleares e o 31,2% de Navarra.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Cantabria (26,0%), Castilla y León (21,7%), País Vasco (21,4%), Comunitat Valenciana (19,5%), Aragón (16,9%) e Cataluña (15,9%).

#### IPI Marzo 2021 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de producción industrial. Marzo 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	111,9	14,5	3,5	--	--
Bens de consumo	127,8	15,8	3,4	4,1	0,8
Bens de equipo	106,0	25,7	4,1	5,7	1,0
Bens intermedios	123,9	22,5	1,3	5,8	0,3
Enerxía	92,6	-4,2	5,3	-1,1	1,3
<b>Es paña</b>					
Xeral	111,7	15,1	1,2	--	--
Bens de consumo	110,0	10,3	-1,4	2,7	-0,4
Bens de equipo	116,9	31,0	1,7	6,4	0,4
Bens intermedios	121,2	17,5	2,9	5,6	0,9
Enerxía	95,1	2,1	1,2	0,4	0,2

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2021**

Ramas	VARIACIONES (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>14,5</b>		<b>3,5</b>		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	47,1	5,1	11,5	1,6	13,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	52,4	1,8	21,0	0,8	3,6
Confección de roupa de vestir	33,5	1,6	3,4	0,2	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	47,0	1,0	18,5	0,5	2,5
Fabricación de mobles	87,0	1,0	35,7	0,4	1,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	17,1	0,9	3,1	0,1	5,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	9,9	0,8	-5,5	-0,4	7,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	26,9	0,7	9,8	0,2	2,6
Outras industrias extractivas	101,9	0,7	5,6	0,1	1,1
Fabricación de bebidas	26,2	0,6	3,8	0,1	3,5
Fabricación doutro material de transporte	54,5	0,5	12,2	0,1	2,0
Outras industrias manufactureiras	96,9	0,5	7,5	0,0	0,5
Industria da alimentación	2,2	0,4	-0,3	0,0	13,2
Fabricación de material e equipamento eléctrico	10,4	0,2	-5,7	-0,1	1,4
Industria téxtil	37,9	0,2	4,8	0,0	0,6
Industria química	11,2	0,2	-19,0	-0,3	1,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0,0	0,0	10,4	2,1	22,3
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-4,6	-0,1	-7,6	-0,2	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-8,0	-0,3	-18,0	-0,6	4,1
Industria do papel	-21,1	-0,6	-11,1	-0,3	2,2
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2021**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>111,7</b>	<b>15,1</b>	<b>1,2</b>
Galicia	111,9	14,5	3,5
Andalucía	93,7	8,3	-3,6
Aragón	112,5	16,9	1,5
Asturias	105,2	10,0	-0,1
Balears (Illes)	76,0	-1,1	-7,6
Canarias	93,6	-0,2	-9,0
Cantabria	128,8	26,0	10,9
Castilla - La Mancha	108,6	9,0	-1,3
Castilla y León	104,0	21,7	5,9
Cataluña	116,5	15,9	1,8
Comunitat Valenciana	119,5	19,5	3,2
Extremadura	99,9	-0,7	0,1
Madrid	116,7	12,3	0,6
Murcia	115,0	3,1	-2,7
Navarra	120,6	31,2	1,7
País Vasco	112,1	21,4	1,4
Rioja (La)	97,2	11,2	-0,8

Fonte: INE